

XUGeX

VIII Xornada Universitaria Galega
en Xénero

INTEGRANDO A LINGUAXE INCLUSIVA NO CURRÍCULO UNIVERSITARIO: UN CASO DE ESTUDO NO GRAO EN INGLÉS DA UDC

Perspectiva de xénero na docencia universitaria

Introdución

Sexismo lingüístico

- As prácticas discursivas teñen repercusións sociais e culturais de gran complexidade.
- O uso da lingua revela asimetrías no tratamento de homes e mulleres, perpetuando o sexismo social e uns papeis de xénero discriminatorios.

Linguaxe inclusiva

- Trato simétrico a homes e mulleres a nivel lingüístico.
- Precisión e exactitude a nivel cognitivo, sen invisibilizar nin estereotipar ningún dos sexos.
- Completamente correcta dende o punto de vista gramatical.

Principio de igualdade

- O uso da linguaxe inclusiva é un asunto central para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- A UDC ten regulacións no seu Plan Estratégico en base ao principio de igualdade que implican a eliminación de calquera suposto de discriminación, sexa na práctica ou na ideoloxía, que poida aparecer na actividade docente, investigadora ou laboral.

Contexto

Titulación

- Grao en Inglés, Estudos Lingüísticos e Literarios.
- Facultade de Filoloxía da UDC.

Participantes

- 30 estudantes de 1º curso.
- Materia TIC (Tecnoloxías da Información e as Comunicacions).

Reto

- Integración da linguaxe inclusiva no currículo da materia TIC para o avance cara unha sociedade mais igualitaria.

Obxectivos

- Concienciación sobre a importancia do uso da linguaxe na sociedade.
- Desenvolvemento de competencias para o uso dunha linguaxe inclusiva.

Proposta

Materia TIC

- Conceptos básicos de informática.
- Tratamento e busca de información na sociedade do coñecemento.
- Traballo colaborativo.
- Creación e exposición de contidos.
- Capacidade para comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
- Valoración do desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Proposta

- Deseño de actividade práctica para a integración efectiva de competencias en linguaxe inclusiva no currículo da materia TIC.

Actividade TIC-LI

- Creación dun documento de texto en formato Open Document Text (ODT) formatado usando estilos en LibreOffice Writer, a partir dun conxunto de contidos sen formato relacionados coa linguaxe inclusiva.

Competencias TIC

- Uso dos estilos definidos.
- Edición e creación de novos estilos.
- Numeración automática.
- Inserción de figuras e táboas con lenda e numeración automática.
- Encabezado e pé de páxina.
- Táboa de contidos automática.
- ...

Competencias Linguaxe Inclusiva

- Reflexión sobre o uso actual da linguaxe na sociedade.
- Identificación de contidos discriminatorios.
- Concienciación sobre as implicacións da linguaxe sexista.
- Estratexias contra o sexismo gramatical e o sexismo discursivo.

Actividade TIC-LI

Capturas de diferentes tarefas propostas na actividade TIC-LI

TIC, Estudos e Lingüísticos e Literarios	
Táboa de Contidos	
1. Introducción.....	3
2. Conceptos básicos.....	4
2.1. Sexo.....	4
2.2.1. Xénero social.....	4
2.2.2. Xénero gramatical.....	4
2.3. Sexismo lingüístico.....	5
2.3.1. Sexismo gramatical.....	5
2.3.2. Sexismo a nivel de discurso.....	5
2.4. Androcéntrico.....	6
2.5. Linguaxe inclusiva.....	6
2.6. Violencia simbólica.....	6
2.7. Norma e uso.....	7
3. Estratexias, exemplos e propostas prácticas.....	7
3.1. Estratexias contra o sexismo gramatical.....	7
3.1.1. Neutralización ou xeneralización.....	8
3.1.2. Especificación.....	10
3.1.3. Neoloxismos.....	11
3.2. Estratexias contra o sexismo discursivo.....	11

Oficina para a Igualdade de Xénero

Figura 1. Logo da OIX da UDC.

O fin último da OIX é lograr unha actividade docente e discente, investigadora e laboral máis igualitaria, e que impida calquera manifestación de discriminación por razón de xénero que poida aparecer tanto na UDC como no seu contorno social e cultural. Neste contexto, a linguaxe inclusiva busca tratar de forma simétrica mulleres e homes a nivel lingüístico, pero sobre todo gañar precisión e exactitude a nivel cognitivo sen invisibilizar nin estereotipar ningún dos sexos.

Deste xeito, a linguaxe inclusiva é vital para cambiar o repertorio de significados que transmite a linguaxe e para permitir unha representación máis igualitaria da realidade que contribúa a construír formas de pensamento tamén máis igualitarias. Xa que a lingua reflicte a realidade, a linguaxe inclusiva debería ser capaz de reflectir os cambios sociais que se van producindo cos avances en igualdade. Mais, xa que a lingua

tamén constrúe a nosa visión da realidade, a linguaxe inclusiva é un xeito de ter sempre presente que o mundo está constituído por homes e mulleres. Empregar unha linguaxe inclusiva non sexista contribuirá, pois, ao cambio social cara a unha sociedade igualitaria, en tanto que nos obriga a pensar conscientemente en como se fala e a reflexionar sobre os papeis de mulleres e homes na sociedade.

- **Competencias TIC**

- Creación de táboa de contidos automática
- Títulos de sección e corpo do texto
- Estilos de texto e parágrafo
- Numeración automática de seccións
- Inserción de imaxes con lenda e numeración
- Texto en columnas

- **Competencias en Linguaxe Inclusiva**

- Reflexión sobre a linguaxe na sociedade actual
- Principio de Igualdade e lexislación vixente
- Conceptos básicos (sexo, xénero social, xénero gramatical, sexismo gramatical, sexismo discursivo, linguaxe inclusiva,)

Actividade TIC-LI

TIC, Estudos e Lingüísticos e Literarios

Táboa 1: Exemplos de uso de estratexias de neutralización ou xeneralización.

Estratexia	Orixinal	Proposta inclusiva
Substantivo xenérico	A seguinte obra foi reservada por outro usuario .	A seguinte obra foi reservada por outra persoa // outra persoa usuaria .
Substantivo xenérico	Curso de Comunicación para investigadores da Facultade de Filoloxía.	Curso de Comunicación para Persoal Investigador da Facultade de Filoloxía.
Substantivo xenérico	Os profesores da materia.	O equipo docente da materia.
Substantivo xenérico	Os traballadores da Universidade.	O (cadro de) persoal da Universidade.
Substantivo xenérico	O acto contou coa presenza de destacados empresarios e financeiros galegos .	O acto contou coa presenza de destacadas personalidades do mundo empresarial e financeiro galego .
Substantivo abstracto	Acceso á automatrícula para novos alumnos .	Acceso á automatrícula para novos alumnado .
Substantivo abstracto	Plan de consolidación de profesores axudantes .	Plan de consolidación de profesorado axudante .
Substantivo abstracto	Asociación de Tradutores Galegos .	Asociación Galega de Tradución .
Substantivo abstracto	O lexislador establece que...	A lexislación establece que...
Substantivo metonímico	O reitor da Universidade, a secretaria xeral e a xerente .	A Reitoría da Universidade, a Secretaría Xeral e a Xerencia .
Substituír adxectivo ou participio por preposición + substantivo	Programa de inserción de discapitados .	Programa de inserción de persoas con discapacidade .
Cambio na redacción	Os solicitantes deberán achegar o seu currículo.	Coa solicitude deberáse achegar o currículo.
Cambio na redacción	O lector atopará nestas páxinas...	Atoparemos//Atoparás//Atopará vostede//Quen lea atopará nestas páxinas...
Fórmulas non marcadas	Aqueles que dispoñan de tarxeta universitaria.	Quen dispoña de tarxeta universitaria.

Competencias TIC

- Creación e aplicación de novos estilos
 - TIC-tachado
 - TIC-corraxido
- Creación de táboas con lenda e numeración automática
- Encabezado de páxina
- Numeración automática de páxina

Competencias en Linguaxe Inclusiva

- Reflexión sobre expresións con contido discriminatorio
- Identificación de sexismo gramatical
- Estratexias contra sexismo gramatical

Actividade TIC-LI

TIC, Estudos e Lingüísticos e Literarios


Na presentación das mulleres como subsidiarias dos homes ou como un colectivo á parte.

- ~~Asistiu o Decano~~ da Facultade de Ciencias do Mar, ~~acompañado da Decana~~ da Facultade de Bioloxía.
- ~~Asistiron o Decano~~ da Facultade de Ciencias do Mar e ~~a Decana~~ da Facultade de Bioloxía.
- No atentado houbo 8 vítimas, ~~entre elas mulleres e nenos~~.
- No atentado houbo 8 vítimas // No atentado houbo 8 vítimas: 4 homes, 3 mulleres e 2 crianzas.
- Estudantes, ~~mulleres~~, desocupados, xubilados, inmigrantes.
- Estudantes, persoas desocupadas, xubiladas, inmigrantes.

Alusión a cualidades relacionadas coa estética (trazos físicos, roupa etc.) para falar das mulleres.

- Ao redor transcorre a vida cotiá: vellos tranvías vermellos, peóns apresurados, vendedores ambulantes, ~~fermosas mulleres~~, policía armadas con pesadas pistolas.
- Que ~~vestidíño~~ máis bonito levas!
- Non che vira nunca esa ~~blusiña~~.

Para facerlle fronte ao sexismo social, debemos utilizar a linguaxe con precisión e coidado, segundo algunhas sinxelas normas básicas como nomear correctamente as mulleres a aos homes, crear referentes femininos, romper estereotipos, non usar diminutivos para se referir ás mulleres ou a ámbitos e obxectos tradicionalmente asociados a elas, non empregar o xénero feminino par descualificar, nin alusións pexorativas ás mulleres ou aos valores, comportamentos e actitudes que encarnan. É dicir, adquirir estratexias para neutralizar a imaxe negativa que das mulleres transmite a lingua.



- Competencias TIC

- Creación e aplicación de novos estilos

- TIC-Lista Ordeada
- TIC-Lista Viñetas
- TIC-Recadro

- Competencias en Linguaxe Inclusiva

- Reflexión sobre expresións con contido discriminatorio
- Identificación de sexismo discursivo
- Estratexias contra sexismo discursivo

Implementación da actividade TIC-LI

Enquisa previa

Enquisa posterior

Actividade TIC-LI

Enquisa previa

- Auto avaliación competencias TIC (manexo do LibreOffice Writer).
- Identificación de contidos sexistas e discriminatorios.
- Percepción do estudantado da relevancia da Linguaxe Inclusiva.

Actividade TIC-LI

- Reflexión sobre a situación da linguaxe na sociedade actual.
- Traballo coa ferramenta LibreOffice Writer e o material da actividade.
- Desenvolvemento de competencias TIC e competencias en Linguaxe Inclusiva.

Enquisa posterior

- Análise do impacto da actividade nas competencias TIC.
- Análise do impacto da actividade nas competencias en Linguaxe Inclusiva.
- Análise do impacto da actividade na percepción do estudantado da relevancia da linguaxe inclusiva.


Enquisa previa

Cuestionario para a análise da percepción do estudiantado da relevancia da linguaxe inclusiva


1. Considero relevante o uso da linguaxe inclusiva na práctica docente.
2. Considero relevante o uso da linguaxe inclusiva na relación coas compañeiras e compañeiros de clase.
3. Considero relevante o uso da linguaxe inclusiva na relación con familiares e amizades.
4. O descoñecemento de fórmulas alternativas é unha barreira no uso da linguaxe inclusiva.
5. A falta de documentación e recursos sobre o tema é unha barreira no uso da linguaxe inclusiva.
6. Estaría disposta/o a tratar de usar alternativas inclusivas o máximo posible.

Resultados


Considero relevante o uso da linguaxe inclusiva na práctica docente




Considero relevante o uso da linguaxe inclusiva na relación coas compañeiras e compañeiros




Considero relevante o uso da linguaxe inclusiva na relación con familiares e amizades




O descoñecemento de fórmulas alternativas é unha barreira no uso da linguaxe inclusiva



A falta de documentación e recursos sobre o tema é unha barreira no uso da linguaxe inclusiva



Estaría disposto/a a tratar de empregar alternativas inclusivas o máximo posible



Conclusións

A integración da perspectiva de xénero na docencia é fundamental para facer fronte ao sexismo social e impulsar un cambio cara unha educación mais igualitaria e respectuosa.

A práctica docente conforma un espazo central de actuación que sebe ser un referente no emprego da linguaxe para a inclusión e equidade social.

O uso de ferramentas TIC ten potencial para a integración efectiva da perspectiva de xénero na docencia.

É necesario promover unha maior concienciación sobre a importancia da linguaxe inclusiva no contexto académico.

É necesario desenvolver e incorporar mais recursos que diminúan as barreiras para o uso da linguaxe inclusiva.

Traballo futuro

Implementación completa da actividade TIC-LI.

Análise completa dos datos extraídos da enquisa previa.

Enquisa posterior á realización da actividade e análise do impacto.

Evaluación global da actividade e refinamento do deseño.

Adaptación da actividade para outras materias e/ou titulacións.

Recursos e bibliografía

- Bringas, Ana María, *et al.* (2012): “Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario”, Universidade de Vigo.
- Gómez, Victoria del Rocío, *et al.* (2021): “Análisis de la percepción del lenguaje con perspectiva de género en alumnado universitario”, *Revista Prisma Social*, 32, (376–420).
- González, María (2020): *A Linguaxe Inclusiva na Educación Superior en Arxentina*, Edicións Xerais, Buenos Aires.
- Inside Higher Ed (2019): “Políticas de Inclusión Lingüística nas Universidades Americanas”, en *Educación Superior nos Estados Unidos*, Edicións Universitarias, Nova York, (210-225).
- Jiménez, María Luisa, *et al.* (2011): “Lenguaje no sexista y barreras a su utilización. Un estudio en el ámbito universitario”, *Revista de investigación en educación*, Vol. 9, 2, (174-183).
- Martínez, Carlos (2021): "Percepcións da Linguaxe Inclusiva na Universidade", *Revista Galega de Educación*, Vol. 15, (35-50).
- Smith, Laura (2018): “Globalización e Linguaxe Inclusiva na Academia”, en Rodríguez, Xosé e Pérez, Carmen editores/as: *Desafíos da Linguaxe Inclusiva na Educación Superior*, Edicións Nigra, Santiago de Compostela, (120-135).

Contacto

Grazas pola atención

Dra. Lucía Ramos García - l.ramos@udc.es

Dr. José Joaquim de Moura Ramos - joaquim.demoura@udc.es

Dr. Jorge Novo Buján - jnovo@udc.es

Dr. Marcos Ortega Hortas - mortega@udc.es





XUGeX

VIII Xornada Universitaria Galega
en Xénero



Epistemoloxías feministas en acción